



Memoria xustificativa dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Marín para a execución do proxecto denominado Maquinaria para os servizos de de obras e limpeza viaria do concello de Marín

1. Departamento que tramita o convenio

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Dentro deste departamento, as competencias en materia de Administración local están atribuídas á Dirección Xeral de Administración Local. A este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

2. Antecedentes

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou co Concello de Marín un convenio de colaboración para a execución do proxecto denominado Maquinaria para os servizos de de obras e limpeza viaria do concello de Marín

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a protección do medio ambiente.

O artigo 25.5 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón que a distribución anual do Fondo regularase mediante orde ditada pola consellaría competente en materia de réxime local, na que tamén se establecerán os criterios de repartición, os entes locais beneficiarios e as actuacións á que se destinará a parte do fondo que non estivera destinada ás entidades cuxo termo municipal se atope dentro da poligonal de delimitación dun parque eólico ou resulten afectadas polas correspondentes instalacións de conexión.

Segundo isto, a Orde do 21 de decembro de 2015, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia, aplica parte do Fondo a actuacións específicas de protección do ambiente, aquelas que teñen por obxecto a conservación da biodiversidade o coñecemento e utilización recreativa e didáctica dos recursos naturais e máis a recuperación do medio natural degradado ou contaminado, incluídas aquelas que teñen por obxecto a prevención, extinción e xestión de situacións de sinistro ou de risco.

3. Finalidade





Para os efectos sinalados, formalizouse co Concello de Marín o instrumento convencional ao que se refire esta memoria, por un período de vixencia que abrangue desde o día da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2016.

4. Obxecto do convenio

O convenio ten por obxecto fixar as liñas de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza e o Concello de Marín para a execución do proxecto denominado Maquinaria para os servizos de obras e limpeza viaria do concello de Marín.

5. Fundamentos do convenio

O Concello de Marín expuxo a necesidade de acometer o proxecto denominado Maquinaria para os servizos de obras e limpeza viaria do concello de Marín, que ten como obxecto a adquisición dumper autocargadora e dun brazo desbrozador para a realización das seguintes actuacións:

- A recuperación de espazos ambientalmente degradados ou contaminados.
- Levar a cabo proxectos e actuacións no ámbito municipal para evitar a degradación e a deterioración ambiental.
- Executar con esta contratación proxectos e actuacións para o control ambiental no ámbito municipal.

O Concello de Marín realiza mediante xestión directa a limpeza dos espazos públicos, entre os que están as praias urbanas que teñen bandeira azul e que poden contar co primeiro sendeiro azul outorgado ao Concello de Marín no ano 2016.

A limpeza dos entornos máis desfavorecidos imprescindible xa que é neles nos que se poden presentar situacións de risco de incendio.

O perigo de lumes preto das zonas máis poboadas do concello, que incrementa notablemente a súa poboación no verán obriga a manter limpas as sendas, espazos abertos, camiños e praias.

A subministración proxectada é imprescindible e necesaria para o normal funcionamento da entidade local e a prestación dos servizos municipais, e ten encaixe dentro da protección do medio ambiente e do espazo natural, e responden ao obxectivo primordial de recuperar o medio natural degradado ou contaminado, así como a conservación da biodiversidade.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa o fomento de todas aquelas actuacións que permitan potenciar e apoiar a prestación de servizos de calidade por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados e se corresponde con actuacións financiáveis de conformidade cos criterios de repartición do Fondo de Compensación Ambiental.

Este contexto local insírese nun marco orzamentario fortemente restritivo que afectou todas as administracións públicas, sen que a administración local sexa unha excepción neste sentido. Deste marco deriva, entre outras consecuencias, as dificultades do Concello de Marín para afrontar en solitario os compromisos económicos que a execución das actuacións obxecto de subvención representan para a facenda municipal.





A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz na eliminación das carencias nas infraestruturas municipais sobre as que se actuará a través do convenio que se subscribiu, unido ao cumprimento dos obxectivos do Fondo de Compensación Ambiental, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor do Concello de Marín.

6. Aplicación orzamentaria e importe

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Administración Local, achegou a cantidade máxima de CUARENTA MIL EUROS (40.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.761.1 (CP 2015 00168) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez (*asinado dixitalmente á marxe*)

